



## **PROCEDIMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN NA ESO**

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, concrétese o procedemento de revisión e reclamación.

O proceso levarase a cabo segundo as indicacións facilitadas anualmente polo Servizo Territorial de Inspección Educativa de Pontevedra e a través dos impresos correspondentes disponibles na Secretaría do centro:

### **1. REVISIÓN DE EXAMES OU PROBAS DE AVALIACIÓN:**

- Solicitud de copias de exames ou probas de avaliación ante o profesorado.

### **2. RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS OU DECISIÓNS ADOPTADAS NA AVALIACIÓN FINAL**

1. O alumnado ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora e ao profesorado do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno, ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

- Solicitud de reclamacións contra as cualificacións finais ante o centro.

3. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha área ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción, a nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou o alumno poderá presentar por escrito á dirección do centro docente una reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada polo departamento correspondente.

- Solicitud de reclamacións contra as cualificacións finais ante a xefatura territorial.